

DEPO AVENTURA

A Lanzada



Persoas participantes

Nenas e nenos que cumpran os seguintes requisitos:

- Que nacesen entre 2005 e 2010 (ambos incluídos)
- Que estean empadroadas ou empadroados na provincia de Pontevedra
- Que non padezan enfermidade infecto-contaxiosa en fase activa

Poderán participar menores en situación de tutela ou garda pola Administración, que se atopen en acollemento residencial nun centro da provincia de Pontevedra.

No caso de menores que precisen un apoio específico derivado dalgún tipo de diversidade funcional ou doutra patoloxía, esta circunstancia deberá facerse constar no cuestionario de saúde e autonomía persoal, detallando do xeito máis preciso posible as súas necesidades específicas.



Solicitudes e documentación

O modelo de solicitude estará a disposición das persoas interesadas na Oficina de Información á Cidadanía da Deputación en Pontevedra e na súa oficina de Vigo; tamén poderá descargarse en www.depo.gal.

Para maior axilidade na xestión do programa recoméndase introducir os datos na folla de solicitude en liña (www.depo.gal) e imprimila.

As persoas que desexen optar ás prazas subvencionadas (ver condicións nas bases) poderán facelo a través dos servizos sociais comunitarios do seu concello.



Prazo de presentación

Será de **20 días naturais** contados a partir da publicación do extracto da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).




Lugar de realización

Nas instalacións do Centro de Vacacións da Lanzada, propiedade da Deputación de Pontevedra, situado na estrada de San Vicente do Mar, A Lanzada, s/n, O Grove.

Coordenadas GPS:

Latitude: 42° 27' 29" norte

Lonxitude: 8° 53' 3" oeste



Quendas

Os campamentos terán lugar entre o 24 de xuño e o 8 de setembro de 2018. Realizaranse 11 quendas, de 7 días de duración cada unha, nas seguintes datas:

- Primeira quenda: do 24 ao 30 de xuño
- Segunda quenda: do 1 ao 7 de xullo
- Terceira quenda: do 8 ao 14 de xullo
- Cuarta quenda: do 15 ao 21 de xullo
- Quinta quenda: do 22 ao 28 de xullo
- Sexta quenda: do 29 de xullo ao 4 de agosto
- Sétima quenda: do 5 ao 11 de agosto
- Oitava quenda: do 12 ao 18 de agosto
- Novena quenda: do 19 ao 25 de agosto
- Décima quenda: do 26 de agosto ao 1 de setembro
- Undécima quenda: do 2 ao 8 de setembro

A realización da derradeira quenda queda condicionada á data de comezo do próximo curso escolar 2018/2019.



Prezo

A Deputación subvenciona polo **procedemento xeral** o 50 % do custo da praza.

O importe final que deberá pagar a persoa interesada é de:

- 100 euros por praza, o que inclúe:
 - Aloxamento e manutención
 - Todas as actividades do campamento, incluídas as que se fagan en inglés
 - Seguro
 - Excursións

- 80 euros por praza para menores de familias numerosas (desconto do 20 % sobre o prezo). Para que se lles aplique este desconto as persoas solicitantes deberán marcar no cadro correspondente do formulario de solicitude se teñen ou non o título de familia numerosa e achegar o documento acreditativo (no caso de non presentalo non se aplicará este desconto)

Estes prezos inclúen todos os servizos do campamento, incluída a excursión ao exterior.

• Co fin de acadar a igualdade de oportunidades a institución provincial subvencionará o 100 % do prezo da praza para promover a inclusión social das nenos e nenos da provincia de Pontevedra.



Incorporación e saída dos campamentos

A incorporación ao campamento será responsabilidade da nai, pai ou persoa que exerza a titoría legal da ou do menor o día de inicio da quenda correspondente, de 10:00 a 11:00 horas.

Non se admitirán participantes despois deste límite horario, a excepción de que haxa unha razón, debidamente xustificada e acreditada previamente, valorada polo Servizo de Cohesión Social e Xuventude.

A saída do campamento será responsabilidade da nai, pai ou persoa que exerza a titoría legal da ou do menor o día que finalice a quenda correspondente, ás 10:00 horas.

No suposto de abandono da actividade ou expulsión da persoa participante, será responsabilidade da nai, pai ou persoa titora o traslado ao seu domicilio, así como os gastos que se ocasionen.